



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

### RESOLUCIÓN

**ASUNTO: BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS CON XORNADA COMPLETA (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA), POLO SISTEMA DE CONCURSO**

**EXPEDIENTE: 2017/G003/000071**

#### ANTECEDENTES:

Á vista da necesidade urxente e inaprazable para o período estival de realización de traballos relacionados cos servizos de apertura e posta en funcionamento da piscina municipal.

Á vista da Resolución número 2017/15136 de 10 de maio de 2017 polo que se aproba a convocatoria do Programa de socorrismo dirixido ós concellos do interior da provincia de A Coruña durante o exercicio da Deputación Provincial da Coruña publicada o 19 de Maio de 2017 no BOP n.º 93, e para a que se presentou solicitude para a contratación de dous socorristas.

Á vista a comunicación da Deputación da Coruña sobre anticipo de resolución de concesión de subvención.

Procede pois, que se aproben as presentes bases que figuran como Anexo polas que deberá de rexer a selección dun técnico de socorrismo, con especificación do programa, probas, previo informe da Secretaría-Intervención.

1. Aprobar as bases de contratación dos socorristas financiados con subvención da Deputación Provincial da Coruña, tal e como figuran literalmente no anexo.

### ANEXO

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS CON XORNADA COMPLETA E SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, POLO SISTEMA DE CONCURSO.**

#### **Primeira.- Funcións e tarefas obxecto da convocatoria**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 18 1 h da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, mediante concurso (valoración de méritos), de dúas prazas de SOCORRISTA para realizar os servizos de socorrismo na piscina municipal de Visantofña e na área recreativa da Cornella.

As súas tarefas serán as propias de socorrista das piscinas, así como a realización dos cursos de natación. Así mesmo, e de acordo cos principios de igualdade, eficacia, eficiencia e adecuación do candidato co perfil do posto a desempeñar, estas bases terán por obxecto crear unha bolsa de traballo en relación con esta praza en concreto para o suposto de renuncia ou outra causa que impida ó aspirante seleccionado desempeñar o posto a cubrir.

### **Segunda.- Requisitos dos aspirantes**

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76, ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso ó emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

.-Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 o seguinte:

- Posuír a formación indicada no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo modificado polo decreto 35/2017 de 30 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

### **Terceira.- Duración e tipo do contrato**

O contrato de traballo será de duración determinada por servizo, con duración de dous meses e trece días, tendo previsto o inicio dos traballos o 3-7-2017. A xornada laboral será de xornada completa, no horario axeitado para a prestación do servizo, sempre coa previa autorización do encargado do departamento.

### **Cuarta.- Retribucións**

A retribución mensual con paga extra xa prorrateada será de 1.046,52 € brutos mensuais.

### **Quinta.- Criterios para a selección dos candidatos/as**

O proceso selectivo será por concurso e consistirá na baremación dos méritos dos participantes no proceso de selección.

Valorarase o seguinte:

- **Experiencia laboral** (puntuación máxima 7 puntos):

Por cada mes completo de servizos prestados en praza ou posto de similar ou análoga natureza á da praza convocada, acreditado cos contratos de traballo ou certificados das empresas ou administracións onde se prestaran os servizos e nos que consten os datos necesarios (duración do contrato e funcións desempeñadas) xunto co informe de vida laboral: 0,1 por mes até un máximo de sete puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.

- **Formación** (puntuación máxima 7 puntos):

Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente.

Celga 1 ou equivalente: 0,25 puntos

Celga 2 ou equivalente: 0.5 puntos

Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos

Celga 4 ou equivalente: 1 punto

Valorarase os cursos de galego e as validacións. Só se valorará o curso máis alto e a puntuación outorgada ao curso superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

Outras titulacións académicas relacionadas co posto e distinta da achegada como requisito (máximo 3 puntos).

Ciclo medio ou equivalente: 0.5 puntos

Ciclo superior ou equivalente: 0.75 puntos

Diplomatura: 1 punto

Licenciatura ou Grado: 1.5 puntos

Cursos, seminarios, xornadas, relacionadas coa actividade, emitidos por centros educativos e organismos homologados para o efecto (máximo 3 puntos)

Por cursos realizados ata 19 horas: 0.05 puntos

Por cursos realizados de 20 a 50 horas: 0.10 puntos

Por cursos realizados de 51 a 80 horas: 0.20 puntos

Por cursos realizados de 81 a 100 horas: 0.40 puntos

Por cursos realizados de 101 horas o máis: 0.50 puntos

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, xornadas, seminarios, etc., deberá constar a duración deles expresada en horas.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate a presentación de instancias, e acreditaranse no momento de formalizar a solicitude de participación, presentando os documentos orixinais, ou



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

fotocopias cotexadas, xa que non se terán en conta nin se valorarán aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

O tribunal non poderá estimar o non achegado e probado polos/as aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para admisión ás probas selectivas, sen que sexa admisíbel a concesión de prazo ningún para emendar a falta de alegación ou de proba de méritos.

As puntuacións obtidas serán publicadas no taboleiro de edictos da casa do Concello.

### **Sexta.- Procedemento de selección**

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará a relación de aspirantes por orde das puntuacións finais obtidas, cos que serán propostos para a contratación os dous candidatos que consigan a maior puntuación.

Non poderán proporse máis de dous candidatos, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados elaborárase unha relación de reservas, por orde de puntuación, de maior a menor, por se fose preciso cubrir posibles baixas ou renuncias.

En caso de empate:

O tribunal procederá ao desempate coas seguintes premisas de preferencia:

- ser menor de 30 anos, en especial, aquelas persoas demandantes do primeiro emprego.
- persoas con discapacidade.
- persoas paradas de longa duración.
- persoas que esgotasen as prestacións ou subsidios por desemprego.
- persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- colectivos en risco de exclusión social.

### **Sétima.- Tribunal cualificador da selección**

1.-O tribunal cualificador designado pola Alcaldía, estará integrado polos seguintes membros:

**Presidente:** O funcionario ou persoal laboral que se nomee.



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

Suplente: O funcionario ou persoal laboral que se nomee.

2 Vogais: Os funcionarios ou persoal laboral que se nomee.

2 Suplentes: Os funcionarios ou persoal laboral que se nomee

Secretario/a: O da corporación ou funcionario/a que o/a substitúa (con voz e sen voto).

Os membros do tribunal están suxeitos ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e os dereitos por indemnización por asistencia, do Real Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razón do servizo.

2.- Os membros do tribunal poderán solicitar a colaboración e asesoramento técnico que estimen conveniente. O tribunal reunirse para a estimación dos méritos, e determinará o aspirante seleccionado pola aplicación dos criterios fixados na convocatoria, e propondrá ao Sr. Alcalde o nomeamento.

3.- O Alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso, en todo caso, a asistencia do Presidente e do Secretario.

A cualificación dos méritos para o concurso oposición realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose ós criterios que establece o Anexo I destas Bases, que publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a realización da proba práctica e a súa valoración por parte da Comisión, esta elevará ao Alcalde a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtiveran a maior puntuación total.

En caso de empate darase preferencia ao que teña maior tempo como demandante de emprego. De persistir desfaríase o empate por sorteo ante a Comisión Seleccionadora.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor do seguinte con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa de traballo para a cobertura de posibles vacantes, e que dita bolsa de emprego queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa.



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

### **Oitava.- Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes**

As instancias, xunto co resto de documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no modelo Anexo I, dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de Santiso, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiso, en horario de 9.00 a 14.30 horas de luns a venres, ata o día 27-06-2017.

A instancia acompañarase da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da inscrición no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.
- Fotocopia compulsada dos títulos e méritos baremables conforme a estas bases.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión, elevándose a definitiva a lista de admitidos de non existir excluídos; outorgarase o prazo de dous días hábiles aos excluídos na lista provisional, incluído o propio día de publicación da lista, no seu caso, para subsanacións ou alegacións, sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á realización valoración dos méritos do/a aspirante admitido/a.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

### **Novena.- Formalización dos contratos:**

A proposta do tribunal cualificador trasladarase á Alcaldía, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as aspirantes propostos, antes do seu nomeamento e no prazo de 2 días naturais seguintes a aquel no que se lle requira, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- a) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- b) Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades





## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- c) Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade.
- d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatíbel co desenvolvemento das funcións correspondentes ao

A formalización do contrato laboral co/a aspirante seleccionado/a será competencia do Sr. Alcalde; o/a aspirante deberá incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requirido para iso.

### Décima.- Dereito supletorio:

No non previsto nestas bases acudirse ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Estatuto básico do empregado público no que sexa de aplicación ao persoal laboral, no Estatuto dos traballadores RDL 1/95 de 24 de marzo, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e demais lexislación en materia laboral.

### Undécima.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

---

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

D./Dña....., con DNI Nº ..... e con domicilio para os efectos de notificacións e comunicación en ..... CP ..... Localidade ..... telf.....

### EXPON:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 18 1 b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2017/G003/000071

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de Socorristas como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Santiso.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

**SOLICITA:** Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, engadindo para a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade
- Fotocopia compulsada da inscrición no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.
- .....
- .....
- .....
- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)**

En Santiso, \_\_\_ de xuño de 2017

O Alcalde

Manuel Adán López